A
POR
TA
ABER
TA

4ª EDICIÓN

Orzamentos Participativos 2019

Facendo A Coruña que queremos

Decide como investir **3 millóns de euros** na cidade e nos distritos

Achega as túas propostas ata o **21 de maio** en **aportaaberta.coruna.es**

Por cuarto ano consecutivo, **as coruñesas e os coruñeses** volven ter a oportunidade de **propoñer e decidir** de xeito libre e directo en que actuacións se empregan **3 millóns de euros** do orzamento municipal.

Como en anos anteriores, 2 millóns serán para repartir entre os 10 distritos (200.000 € para cada un) e 1 millón para propostas dirixidas ao conxunto da cidade.

Cales son as fases do proceso?

- Presentación de propostas do 25 de abril ao 21 de maio.
- Fase de apoios (preselección das propostas que máis convenzan).
- Valoración técnica (persoal técnico municipal avalía as propostas máis apoiadas).
- Votación final.

Pódense achegar propostas ata o **21 de maio**

Chama ao **010** se tes calquera dúbida

MÁIS INFORMACIÓN

En **aportaaberta.coruna.es** (onde tamén se pode consultar o resultado dos 3 procesos anteriores e o grao de execución das propostas).

Onde podes participar?

- En **aportaaberta.coruna.es**
- As persoas que non dispoñen de acceso a internet ou que prefiran facelo con apoio poden acudir aos encontros presenciais ou achegarse aos puntos de información e participación nas **bibliotecas municipais**, **centros cívicos**, **CMIX** e **Federación de Asociacións Veciñais**.

Quen pode participar?

- Calquera persoa cos **16 anos** cumpridos
- **Empadroado/a** na Coruña
- Rexistrado/a na web **aportaaberta.coruna.es**

E se xa se participou antes?

- En este caso, só hai que entrar en **aportaaberta.coruna.es** cos mesmos datos de rexistro.

Os distritos

Na primeira fase pódense facer propostas para toda a cidade e para calquera dos **10 distritos**.

Nas fases de apoio e votación, poderanse escoller ata un máximo de tres distritos para apoiar ou votar as propostas.

Para calquera dúbida ou problema de acceso á plataforma, pódese chamar ao teléfono de atención cidadá **010**

Non o dubides, **ti decides** como mellorar o teu barrio e a túa cidade!

Na **1ª fase**, haberá **encontros de debate** e **achega de propostas** (abertos a toda a cidadanía para falar das necesidades dos distritos e da cidade) e xornadas de información e participación na rúa

SÁBADO **4 de maio**	MARTES **7 de maio**	MÉRCORES **8 de maio**
17 - 21 H	18.30 H	19.00 H
Praza de Lugo	Centro Cívico Municipal Labañou	Centro Cívico Municipal Monte Alto

Os encontros contarán cun servizo de **conciliación** e de interpretación de **lingua de signos**

XOVES **9 de maio**	SÁBADO **11 de maio**	LUNS **13 de maio**	MARTES **14 de maio**
18.30 H	17 - 21 H	18.45 H	18.30 H
TEU Ribeira Sacra 17 (Novo Mesoiro)	Obelisco	Centro Cívico Municipal Os Mallos	Centro Cívico Municipal O Castrillón

Concello da Coruña,
Concellería de Participación
e Innovación Democrática

+ info na páxina web:
aportaaberta.coruna.es

CORUÑA
PRÓXIMA